Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Estudo de necesidades e avaliación de programas		Código	652511206
Titulación	Mestrado Universitario en Psicopedagoxía			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es	
Profesorado	Rebollo Quintela, Nuria	Correo electrónico	nuria.rebollo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nos proxectos ou programas, en xeral, requírese da avaliación para adoptar decisións racionais. Esta avaliación é diferente dependendo da etapa do proxecto en que se utilice: durante a súa formulación, permite fixar os criterios que nos permitirán aceptalo ou rexeitalo, mentres que durante o seu desenvolvemento ou ao final, permítenos determinar o grao de alcance dos obxectivos perseguidos, así como o custe en que se incorreu. Unha das fases das que goza maior importancia todo programa é a análise de necesidades; esta análise ten que realizarse daqueles contextos no que o programa esté inmerso así como dos/das seus/súas destinatarios/as.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais.
A9	Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa
B1	Capacidade de creatividade e innovación
B2	Aprender a aprender
B7	Traballar de forma colaborativa
B9	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B10	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Ser capaces de realizar un proceso de avaliación de programas	AP8	BM2 BM7 BM10	CM8
Definir, describir e aplicar unha análise de necesidades dos diferentes contextos	AP8	BM2 BM7 BM9 BM10	

Ser capaces de deseñar un programa en función das necesidades detectadas e en diferentes contextos	AP8 AP9	BM1 BM2 BM7 BM10	

Contidos	
Temas	**Subtemas**
Delimitación conceptual da análise de necesidades e avaliación de programas.	Concepto de necesidade Avaliación de necesidades Concepto de programa Avaliación de programas
A determinación das necesidades dos destinatarios dos programas.	Ámbitos de intervención Categorización dos diferentes tipos de necesidades Modelos de avaliación de necesidades
O deseño de programas	Xustificación Obxectivos Contexto A poboación obxecto e as persoas destinatarias Intervención: contidos, recursos, metodoloxía, cronoloxía, responsables,... Avaliación
O proceso de avaliación de programas.	As principais características da avaliación Os pasos do proceso avaliador Tipos de avaliación: segundo a finalidade, a súa extensión, segundo o axente avaliador, e segundo o momento Os indicadores da calidade da avaliación O informe de avaliación

Planificación				
Metodoloxías / probas	**Competencias**	**Horas presenciais**	**Horas non presenciais / traballo autónomo**	**Horas totais**
Aprendizaxe colaborativa	B7	3	0	3
Portafolios do alumno	A8 B1	4	20	24
Análise de fontes documentais	A8 B2	2	6	8
Estudo de casos	B2 C8	0	10	10
Traballos tutelados	B10 C8	2	14	16
Proba de resposta múltiple	A9 A8 B10	1	2	3
Sesión maxistral	A8 A9 B9	9	0	9
Atención personalizada		2	0	2
***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**				

Metodoloxías	
Metodoloxías	**Descrición**
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.

Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba de resposta múltiple	Prueba objetiva que consiste en formular una cuestión en forma de pregunta directa o de afirmación incompleta, y varias opciones o alternativas de respuesta que proporcionan posibles soluciones, de las que solo una de ellas es válida.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballos tutelados Portafolios do alumno	Deberá realizarse unha titoría personalizada ao longo do cuadrimestre co obxectivo de revisar o desenvolvemento do portafolio e dos traballos tutelados do/da alumno/a.

Avaliación			
Metodoloxías	**Competencias**	**Descrición**	**Cualificación**
Traballos tutelados	B10 C8	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.	40

Portafolios do alumno	A8 B1	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.	40
Proba de resposta múltiple	A9 A8 B10	Prueba objetiva que consiste en formular una cuestión en forma de pregunta directa o de afirmación incompleta, y varias opciones o alternativas de respuesta que proporcionan posibles soluciones, de las que solo una de ellas es válida.	20

Observacións avaliación
Para que poidan ser avaliados segundo a planificación anterior, débese ter unha asistencia do 80% ás clases. Para aprobar a materia deberán ter a metade en cada unha das partes. O alumnado que non cumpra o anterior criterio (80% de asistencia), deberá realizar o portafolio que será o 80% da cualificación final e a proba de resposta múltiple.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Alonso Tapia, J. (2012). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Madrid : Síntesis - Anaya Nieto, D. (1999 (2000 reimp.)). Diagnóstico en orientación e intervención psicopedagógica bases conceptuales y metodológicas. Madrid : Universidad Nacional de Educación a Distancia - Anaya Nieto, D. (2003). Diagnóstico en educación : diseño y uso de instrumentos. Madrid : Sanz y Torres - García Sanz, M.J. (2012). Fundamentos teóricos y metodológicos de la evaluación de programas. Murcia: DM - Granados García-Tenorio, P. y Mudarra Sánchez, M.J. (2010). Diagnóstico en educación social. Madrid: UNED - Iglesias Cortizas, M.J. (2006). Diagnóstico escolar : teoría, ámbitos y técnicas. Madrid : Pearson Educación - Moreno Bonilla, Raúl (2009). Evaluación de programas educativos de intervención psicopedagógica. La Zubia, Granada: Planetbuk
Bibliografía complementaria	- Álvarez González, M. (coord.) (2011 (3.ª ed.)). Diseño y evaluación de programas de educación emocional. Las Rozas : Wolters Kluwer Educación - Gallardo Garranzo, F. (2003). Orientación sociolaboral teoría y práctica. Alcalá La Real : Formación Alcalá - González Afonso, M.C. y Álvarez Pérez, P.R. (2010). El programa compañero-tutor [Recurso electrónico] : evaluación de un programa de tutoría entre iguales en la enseñanza universitaria. La Laguna : Universidad de La Laguna - Silva Salinas, S. (2003). Atención a la diversidad : necesidades educativas : guía de actuación para docentes. Vigo : Ideaspropias - Sobrado Fernández, L. (2000). Orientación profesional diagnóstico e inserción sociolaboral. Barcelona : Estel - Timón Benítez, M. y Hormigo Gamarro, F. (coordinadores) (2010). La atención a la diversidad en el marco escolar : propuestas de integración para alumnos con necesidades específicas de apoyo educativo. Sevilla : Wanceulen - Torres González, J.A. (1996). La formación del profesor-tutor como orientador análisis de las necesidades de formación del Profesor-tutor en el marco de la atención a la diversidad para desempeñar tareas de orientación en el aul. Jaén : Universidad

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario
Observacións
Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no útilizar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías